

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62635>



EDICIONES
COMPLUTENSE

PALACIOS, Manuela (ed.) (2017): *Migrant Shores. Irish, Moroccan and Galician Poetry*. County Clare (Ireland): Salmon Poetry, 138 pp.

Migrant Shores. Irish, Moroccan and Galician Poetry (2017) é unha antoloxía poética editada por Manuela Palacios, en Salmon Poetry, que aborda a alteridade desde o respecto intercultural. Se ben de forma maioritaria a percepción do outro se veu alicerzando na desconfianza e no rexeitamento –pensemos en Camus ou Kafka–, a profesora de literatura da Universidade de Santiago de Compostela avoga por unha comunicación intercultural con vocación comprensiva e integradora. Deste xeito, destaca a editora no seu prólogo que o punto de partida para a concepción deste libro, e tamén das antoloxías de mestizaxe que o precederon, residía na importancia do concepto do *inspiring other*, é dicir, a percepción do alleo como algo positivo, como sucedía co vínculo de admiración que os intelectuais galegos mantiveron con Irlanda ata ben transcrido o século xx. Así, consegue Manuela Palacios compoñer un libro de viaxe intercultural e de recoñecemento do propio e do alleo, no que vinte e oito autoras e autores se mergullan no diálogo poético do entendemento.

O proceso de elaboración desta obra, comentado no prólogo, constitúe un camiño de traballo e de aprendizaxe no que o papel da tradución destaca como mecanismo mediador e creador. Manuela Palacios pon en marcha un proxecto no que tres culturas atlánticas se conectan mediante a lectura, a comprensión, a tradución e a resposta de escritos socialmente comprometidos. Existe unha base común ás tres que facilita a identificación dos seus dramas seculares. En primeiro termo, tanto Marrocos, coma Irlanda e Galicia son terras historicamente fornecedoras de emigrantes e creadoras de viúvas de vivos e mortos. A traxedia demográfica que durante séculos assolou estas zonas é unha constante para os escritores de *Migrant Shores*: son sabedores do drama da partida, coñecen o sufrimento da alienación

na chegada e viviron a angustia pola incerteza da vida de quen quedaron atrás, na terra. En segundo lugar, a fundamental voz feminina autorial e protagonista nas composicións, que subverte a tradicional preeminencia masculina. Por último, trátase de pobos cuxos polisistemas autóctonos se encontran convivindo en tempo e espazo con outros maioritarios e dominantes, creando situacións de desequilibrio cultural a todos os niveis. Por tanto, a concepción de *Migrant Shores* artículase en torno a unidades minoritarias e minorizadas que, da man de Manuela Palacios, reivindicando de forma contundente un espazo de encontro e de convivencia, onde a tradución se visualiza “*elle même comme l’un et l’autre*”, en palabras de Alexis Nouss (2009). A mestizaxe é celebrada como a aceptación de múltiples identidades, sen que ningunha delas deba ser excluída, e potenciando o concepto de multiapertenza (*multiappartenance*).

Resulta salientable o propósito inclusivo desta antoloxía. Fóxese dun “discurso ideolóxico de endogrupos [que] tiene la peculiaridad de poner énfasis, mediante muchas variantes discursivas, en las características positivas de Nuestro propio grupo y de sus miembros, y las características negativas de los Otros, el exogrupo” (Van Dijk 2009: 25). As distintas identidades que dan corpo a *Migrant Shores* fórmanse a raíz da comprensión do complexo pasado de cada unha das tres culturas presentes na antoloxía, expresándose a través do diálogo que observamos nos diferentes pares que conversan en cada unha das 14 partes do libro. Ningunha das voces poéticas pretende dominar ou superar, pero si denunciar. Cada unha no seu contexto dirixe o foco cara ás inxustizas que sofren quen están nas marxes, quen están nesas ribeiras (*shores*) concibidas como pontes de saída cara ao descoñecido. Irlanda, Marrocos e Galicia son pobos espallados polo

mundo e *Migrant Shores* reivindica o drama do seu exilio exterior e interior, reclamando a inclusión. *The Maroxelloise, Foreign beloved* ou *Poem for a Migrant Poet Waiting to Make Her Crossing* son exemplos desta denuncia compartida que reclama espazos de encontro. Como nunha sorte de dialéctica hegeliana, o avance que procura este libro debe nacer do intercambio e da comprensión. De aí a estrutura en diálogo en que se articula a obra, onde un poema é, a continuación, traducido e respondido con outra composición pola mesma persoa que abordou a tradución. As tres culturas en contacto e entendemento.

Esta vocación de recoñecemento cultural e social en positivo que percibimos en *Migrant Shores* contrasta coa tendencia habitual que reside, precisamente, nese maniqueísmo que sinalaba Van Dijk. Desta forma, se por exemplo pensamos en *Borderlands*, de Gloria Anzaldúa, un libro de poemas concibido para poñer de relevo a situación de esquecemento sociocultural do pobo chicano en Estados Unidos, comprobamos como esa reclamación se produce mediante un proceso de exaltación do propio e minusvalorización do alleo. A antoloxía editada por Manuela Palacios, no entanto, aperta o concepto de multipertenza e de múltiples identidades.

Esta antoloxía destaca tamén pola presenza feminina, tanto en autoría como en voz poética, reclamando para as mulleres o lugar xusto que lles corresponde: o de seren (re)coñecidas. Desta maneira, a protesta reside tamén na canle e mais no código empregados. Se temos en conta que “las mujeres están más predispuestas a adoptar la lengua legítima [dominante, neste contexto] por el hecho de estar abocadas a la docilidad respecto a los usos dominantes” (Bourdieu 2016: 29), en *Migrant Shores* as voces femininas subverten o asoballamento mediante o emprego de linguas dominadas, mediante a transmisión do seu propio discurso, mediante a valoración dos trazos positivos propios e alleos e mediante a ruptura coa identificación tradicional da tradución con submisión.

O habitus tradutolóxico feminino en *Migrant Shores* reflicte un proceso intelectual enriquecedor con base na mediación e creación transculturais.

A este propósito integrador responden tamén o paratexto e a paratradución, especialmente se temos presente que “la paratraduction est la zone de transition et de transaction de tout échange transculturel, le lieu décisif pour le succès ou l’échec de tout processus de médiation culturelle” (Yuste Frías 2010: 293). Desde a cuberta ata a presentación das composicións orixinais e as súas traducións e respostas, percíbese a vontade de multipertenza dando cabida ás múltiples identidades que constrúen esta obra.

En definitiva, *Migrant Shores* resulta unha antoloxía reivindicativa da dignidade social, mediante un coidado proceso de tradución colectiva en que mediación e creación dan lugar a diálogos de integración intercultural.

Alba Rodríguez Saavedra
Universidade de Vigo
albarodriguez@uvigo.es

Referencias bibliográficas

- Anzaldúa, Gloria (1999): *Borderlands. La frontera*. San Francisco: Aunt Lute Books.
- Bourdieu, Pierre (2016): *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Madrid: Akal.
- Nouss, Alexis (2009): *Métissage et traduction*. Vigo: Universidade de Vigo [vídeo dispoñible en rede en: <https://tv.uvigo.es/es/video/mm/4854.html>].
- Van Dijk, Teun A. (2009): *Discurso y poder*. Barcelona: Gedisa.
- Yuste Frías, José (2010): “Au seuil de la traduction : la paratraduction”, en T. Naaijken (ed.), *Event or Incident. Événement ou Incident. On the Role of Translation in the Dynamics of Cultural Exchange. Du rôle des traductions dans les processus d’échanges culturels*. Bern: Peter Lang (Col. Genèses de Textes-Textgenesen), vol. 3, pp. 287-316.